



UNIVERSIDADE DE VIGO
CAMPUS DE OURENSE
DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN
TITULACIÓN: EDUCACIÓN SOCIAL

PROGRAMA DA ASIGNATURA

PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO

CURSO 08-09

PROFESOR: Juan Sepúlveda Gradín
(Edificio II, 1ª planta, despacho 1)
TELÉFONO: 988387195 FAX: 988387159
CORREO ELECTRÓNICO: sepulveda@edu.xunta.es

PROFESOR: Juan Luis Rodríguez Rodríguez
(Edificio II, 2ª planta, despacho 1)
TELÉFONO: 988387289 FAX: 988387159
CORREO ELECTRÓNICO: juanluisrr@uvigo.es

CURSO 2008/2009
CÓDIGO 105711103
CARÁCTER: Troncal
ANUAL
CARGA LECTIVA: (7,5 créditos ECTS)

TITORÍAS:

1º cuadrimestre

Profesor de Teoría

Lugar: Facultade de Ciencias da Educación. Edificio 2, 1º andar, despacho 1.

Tfno. 988387195, correo electrónico: sepulveda@edu.xunta.es

Horario

Martes de: 17:00 a 20:00 h.

Xoves de: 16:00 a 17:00 h.

Profesor de Prácticas

Lugar: Facultade de Ciencias da Educación. Edificio 2, 2º andar, despacho 1.

Tfno. 988-387289, correo electrónico: juanluisrr@uvigo.es

<http://webs.uvigo.es/juanluisrr/>

Horario: Pendente de confirmación

2º cuadrimestre

Profesor de teoría

Lugar: despacho do. Facultade de Ciencias da Educación. Edificio 2, 1º andar,

despacho 1. Tfno. 988387195, correo electrónico: sepulveda@edu.xunta.es

Horario

Martes de: 9:00 a 10:00 h.

Mércores de: 9:00 a 11:00 h.

Xoves de: 16.00 a 17.00

Profesor de prácticas

Lugar: despacho do profesor. Facultade de Ciencias da Educación. Edificio 2, 2º andar,

despacho 1. Tfno. 988-387289, correo electrónico: juanluisrr@uvigo.es

<http://webs.uvigo.es/juanluisrr/>

Horario: Pendente de confirmación

Data dos exames oficiais: datas sen confirmar

Decembro Fecha: Hora: Aula:

Xuño Fecha: Hora: Aula:

Setembro Fecha: Hora: Aula:

Tribunal extraordinario

Presidente: Manuel Deaño Deaño

Secretario: Fernando Tellado González

Vocal: Mar García-Señorán

PROGRAMA DA MATERIA

1. Contextualización

1.1. Perfil dos créditos da materia

A materia Psicoloxía do desenvolvemento proporciona ao futuro educador social un coñecemento detallado sobre o desenvolvemento psicolóxico da persoa, o que lle permitirá coñecer o suxeito que ha de educar e obter claves que lle permitan facelo dunha forma axeitada e eficaz.

Permite establecer os antecedentes evolutivos que son cruciais para comprender o estado actual e os previsibles cambios futuros de moitos comportamentos.

En definitiva, esta materia contribúe a fundamentar a formación psicolóxica dos Educadores Sociais proporcionándolle as ferramentas disciplinares necesarias para enfrontarse ás situacións educativas, comprender os cambios e o desenvolvemento psicolóxico das persoas coas que teñen que intervir.

1.2. Situación e relación con outras materias no plan de estudos

Psicoloxía do desenvolvemento é unha materia troncal anual e consta de 7.5 créditos ECTS: 5 créditos teóricos e 2.5 créditos prácticos. É unha materia central na titulación, xa que proporciona boa parte da formación psicolóxica necesaria para o exercicio da profesión dos Educadores Sociais. Forma parte dun bloque de materias (Socioloxía e Antropoloxía Social, Filosofía Social, Socioloxía para Educadores Sociais, etc.) que intenta explicar dende unha perspectiva interdisciplinar o fenómeno evolutivo. Tamén é un punto de referencia para todas as materias que afonden en aspectos do desenvolvemento, como Intervención Psicosocial en Problemas Sociais, Psicoloxía da Adición, Habilidades Sociais e Técnicas de Grupo. Así mesmo, o coñecemento impartido nesta materia facilitará a comprensión de Procesos Psicolóxicos Básicos para Educadores Sociais, Traballo Educativo con Menores Inadaptados.

Esta materia, ao analizar o suxeito dende un punto de vista psicolóxico, relaciónase coa maior parte das materias do plan de estudos, xa que os seus contidos pretenden configurar un pensamento reflexivo por parte do futuro educador social e das súas representacións acerca da educabilidade do neno/a, das finalidades da educación e dos procesos evolutivos. Estas representacións serviranlle ao educador social a interpretar os parámetros da súa actuación profesional, deseñar, planificar, e analizar a propia actuación profesional.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivos xerais

- Coñecer as principais teorías e modelos do desenvolvemento.
- Coñecer os instrumentos, recursos esenciais e metodoloxía de traballo para a análise da práctica educativa e a toma de decisións no proceso de planificación dos procesos educativos.
- Favorecer a utilización de recursos e instrumentos proporcionados polas disciplinas psicolóxicas para a súa aplicación.

- Fomentar hábitos de traballo que permitan o desenvolvemento dun sistema persoal de traballo autónomo.
- Desenvolver unha actitude de cooperación, respecto, tolerancia e compromiso tanto no seu traballo como alumno/a coma na súa conduta profesional posterior.
- Desenvolver unha actitude favorable cara á formación permanente.

2.2. Competencias académicas e profesionais:

2.2.1. Competencias instrumentais (saber e saber facer)

- Coñecer o obxecto e as finalidades da educación social.
- Comprender o desenvolvemento psicolóxico e analizar que factores interveñen na construción do psiquismo.
- Coñecer os principais enfoques e teorías evolutivas sobre os cambios evolutivos. Valorar criticamente as súas achegas e repercusión na toma de decisións para a intervención educativa.
- Utilizar o coñecemento adquirido nesta materia para promover o desenvolvemento e aprendizaxe autónoma dos alumnos/as á luz dos obxectivos e contidos propios do correspondente nivel educativo, desenvolvendo estratexias que eviten a exclusión e a discriminación.
- Ser capaz de realizar unha avaliación rigorosa dos niveis de competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento que poidan estar na orixe das súas necesidades especiais.
- Saber desenvolver o deseño elaborado e valorar a intervención realizada.
- Aprender a manexar as fontes documentais e recursos relativos á materia.

2.2.2. Competencias interpersoais (saber ser e saber estar)

- Ser sensible á nova realidade social, plural, diversa e multicultural, desenvolvendo estratexias para a inclusión educativa e social. Promover esta actitude de valoración e respecto entre aqueles cos cales se traballe máis directamente.
- Adoptar actitudes que faciliten a integración e normalización das persoas.
- Adoptar unha disposición favorable á colaboración e ao traballo en equipo, tanto no seu traballo actual nas aulas coma na súa conduta profesional posterior.
- Ser creativo e reflexivo no labor como educador social.
- Desenvolver unha actitude favorable cara á formación continuada, entendendo que o feito educativo é unha tarefa inacabada e mellorable.

2.2.3. Competencias sistémicas (saber aplicar)

- Ser capaz de aprender de forma autónoma.
- Diseñar e realizar traballos escritos de forma orixinal e autónoma.
- Presentar oralmente as principais conclusións.
- Ser capaz de aplicar os coñecementos adquiridos á práctica da aula a través dunha correcta selección e aplicación de recursos e estratexias metodolóxicas.
- Adoptar metodoloxías activas, participativas e creativas.
- Ser capaz de adaptarse ás novas situacións e cambios educativos.
- Conseguir que o labor como mestre/a sexa creativo, innovador e guiado por un espírito emprendedor.

3. Prerrequisitos

3.1. Competencias e contidos mínimos

Non se esixen prerrequisitos obrigatorios para cursar a materia, se ben sería de grande axuda: ter unha boa capacidade de comprensión escrita e oral; capacidade para seleccionar, xerarquizar e sintetizar a información; manexar conceptos básicos en psicoloxía e educación; coñecemento básico para o acceso á información a través das NNTT; saber utilizar os diferentes recursos que ofrece a biblioteca; coñecementos básicos de informática; destrezas para o traballo en grupo, etc.

3.2. Plan de traballo e actividades para a consecución dos prerrequisitos

- Avaliación dos coñecementos previos e explicación dos conceptos que se consideren imprescindibles para a comprensión da materia.
- Lectura de artigos e textos científicos relacionados coa materia e especificación de pautas que faciliten a súa análise e comprensión.
- Participación en cursos e sesións formativas impartidas por persoal da biblioteca que faciliten a óptima utilización dos recursos dispoñibles.
- Especificación de pautas para a elaboración e presentación de traballos.
- Formación de grupos de traballo e orientacións para facilitar a colaboración e traballo en equipo.

3.3. Recomendacións

É importante que o alumno/a coñeza dende o principio a dinámica e o funcionamento que se seguirá na asignatura (p.e. asistencia, presentación de traballos, ect.) e que o teña presente durante o seu desenvolvemento.

É importante que o alumno/a implíquese e realice con regularidade as tarefas propostas.

4. Bloques e temas de contido

4.1. Descritores da materia

Teoría e modelos explicativos do desenvolvemento. Desenvolvemento cognitivo, desenvolvemento e adquisición da linguaxe, desenvolvemento social, físico, motor e afectivo-emocional.

4.2. Bloques de contidos de aprendizaxe. Estrutura

- I. Teorías e modelos explicativos do desenvolvemento humano.
- II. Ámbitos do desenvolvemento.
- III. O desenvolvemento psicolóxico dende a adolescencia á terceira idade.

4.3. Unidades de contido

(O contido do programa pode sufrir algunhas variacións atendendo a circunstancias non previstas)

1.- Concepto de desenvolvemento

Modelos teóricos do desenvolvemento. Teorías sobre o desenvolvemento. O papel da herencia, o medio e os períodos críticos

2.- Desenvolvemento físico e psicomotor

Factores que afectan ó desenvolvemento do feto. Primeiras conductas do recém nado. Bases do desenvolvemento psicomotor. Desenvolvemento psicomotor

3.- Desenvolvemento cognitivo

Desvolvemento sensorial, atencional e da percepción. A memoria e a utilización de estratexias. A linguaxe.

4.- Desenvolvemento da intelixencia

Período sensoriomotor. Preoperatorio. Operacional concreto. Operacional formal.

5.- Desenvolvemento da personalidade

O apego. Factores da personalidade. A adopción do sexo. O desenvolvemento moral.

6.- As relacións sociáis.

O coñecemento do mundo social. Contextos de interacción social. O xogo.

7.- A adolescencia.

Cambios biolóxicos e psicolóxicos. Adolescencia idade de conflitos. Principais problemas adolescentes. Adaptación social. A conducta sexual.

8.- A idade adulta.

A personalidade. Desenvolvemento intelectual. Familia e traballo. A paternidade.

9.- A terceira idade.

Mitos sobre o envellecer. Cambios físicos. Personalidade e concepto do “eu”. A xubilación. A morte.

5. Metodoloxía e estratexias de aprendizaxe

5.1. Metodoloxía docente

- Clases presenciais

Presentación inicial dos temas por parte dos profesores/as da materia, sinalando cales son os obxectivos do tema e proporcionando un marco xeral básico e as ideas principais deste. Activaranse os coñecementos previos do alumno/a con preguntas clave. Relacionaranse os seus coñecementos previos cos contidos fundamentais do tema.

Proxección de materiais audiovisuais.

Traballo individual do alumno/a. Os alumnos/as elaborarán un esquema dos aspectos máis importantes do tema e preguntas sobre aspectos que non comprenderan ou queiran afondar. Tamén se pode requirir unha lectura ou reflexión obrigatoria sobre algún punto do tema.

Afondamento do tema, en pequeno e gran grupo. Formularase a realización de tarefas vinculadas co tema e organizaranse sesións de discusión en grupos de 3 a 5 alumnos/as. Finalmente, realizarase unha posta en común de toda a clase, é dicir, unha discusión xeral do traballo realizado polos pequenos grupos. Elaborarase unha síntese dos contidos máis importantes e das conclusións finais.

Nas clases presenciais tamén se establecerán as pautas para: a análise das lecturas obrigatorias; a realización de traballos; a realización das prácticas; a presentación oral das conclusións obtidas nos traballos prácticos; e a exposición de traballos.

- Clases non presenciais

Afondarase nos distintos temas realizando lecturas obrigatorias, reflexións e as diferentes tarefas e traballos asignados.

- Tutorizacións en grupo

Seguimento e supervisión da realización de traballos.

Asesoramento académico, profesional e persoal.

5.2. Estratexias de aprendizaxe. Orientacións ao alumnado.

(As estratexias e orientacións poden sufrir cambios atendendo a circunstancias non previstas)

- Busca de material bibliográfico complementario.

- Buscas en internet e bases de datos.

- Manexo dos fondos da biblioteca.

- Tareas de aula, individuais e grupais, que se especificarán no momento axeitado. Estas tarefas poden ser do seguinte tipo: -

Análise de documentos

Elaboración individual de síntese, esquemas ou fichas-resumo dos temas

Reflexións sobre aspectos relacionados co temario

Proxección e comentario de materiais audiovisuais

Resolución de supostos prácticos

Debates

- Elaboración de traballos —individuais ou en grupo— fóra da aula.

Orientacións ao alumnado:

Cando os traballos se realicen en grupo, este non ha de superar os cinco membros en ningún caso, sendo o número ideal tres ou catro persoas.

Elixirase a temática do traballo e elaborarase un guión que será discutido co profesor/a correspondente nas horas de tutorización.

O traballo constará de dúas partes: unha revisión teórica e unha aplicación práctica.

O traballo presentarase por escrito. O estilo axustarase á normativa APA.

Valorarase a claridade e comprensión do traballado; a concordancia entre os diferentes puntos; a orixinalidade e o afondamento no tema; as achegas persoais e valoracións críticas;

a pertinencia e actualidade da bibliografía consultada. Tamén se valorarán as sesións de exposición en caso de que as houberse.

6. Plan de traballo do alumnado. Especificación do tempo de aprendizaxe aproximada. (O plan de traballo pode sufrir algunhas variacións atendendo a circunstancias non previstas)

Actividades	Clases presenciais	Traballo autónomo e colaborativo	Total horas alumno/a
Presentación do programa/actividades organizativas	2	0	2
Clases maxistras	25	50	75
Tarefas de aula -indiv. ou grupais-	10	0	10
Elaboración de traballos -ind. ou grupais- fóra da aula	0	50	50
Exposicións dos grupos	5	5	10
Clases prácticas	25	8	33
Tutorización de traballos	3 (20 horas para os profesores/as cos distintos grupos)	0	3
Exames	4	0	4
Total	74	113	187

Ademais, os alumnos/as disporán dun horario oficial (catro horas semanais) de titorías no que poderán facer calquera consulta a cada un dos profesores da materia.

Cronograma aproximado das clases prácticas:
(O plan de prácticas pode sufrir algunhas variacións atendendo a imprevistos)

Práctica	Contido	Obxectivos	Recursos humanos e materiais necesarios para a realización da práctica
1	Elaboración dun cuestionario na Área de Psicoloxía do Desenvolvemento e selección dun método de investigación.	Elaborar un instrumento útil en psicoloxía do desenvolvemento. Determinar as vantaxes e inconvenientes dos deseños nunha investigación psicolóxica.	Apuntes de clase. Artigos de investigación na Área da Psicoloxía do Desenvolvemento.
2	Análise do desenvolvemento intrauterino.	Observar e analizar o desenvolvemento psicolóxico durante a vida intrauterina.	Vídeo sobre o desenvolvemento intrauterino: “En el vientre materno”
3	Utilización de instrumentos para a avaliación do desenvolvemento	Observar e analizar o desenvolvemento evolutivo dun neno menor de 12 anos. Aplicar unha escala para avaliar o desenvolvemento. Interpretar os resultados.	Escala do desenvolvemento.
4	Análise empírica de aspectos do desenvolvemento cognitivo	Observar e analizar o desenvolvemento cognitivo dun neno en idade infantil	Fichas de conservación de Piaget Test Raven
5	Análise empírica de aspectos do desenvolvemento lingüístico	Analizar e comentar as características da linguaxe infantil. Elaboración de pautas de optimización da linguaxe infantil.	Vídeo sobre o desenvolvemento da linguaxe. Transcricións e gravacións da linguaxe de nenos de diferentes idades.
6	Análise empírica de aspectos do desenvolvemento afectivo/social en adolescentes e adultos.	Observar e analizar as relacións socioafectivas dos nenos e adolescentes. Explorar como evolucionan as concepcións e funcións atribuídas á amizade polos escolares, segundo a etapa evolutiva na que se atopan.	Material para a elaboración dunha entrevista ou cuestionario que permita avaliar as relacións socioafectivas e as habilidades sociais. Enquisa de autoestima. Sociograma.

7	Análise empírica de aspectos do desenvolvemento da personalidade	Observar e analizar o desenvolvemento da personalidade durante a adolescencia.	Vídeo sobre o desenvolvemento da personalidade: “Metamorfosis”
8	Análise empírica de aspectos do desenvolvemento cognitivo na terceira idade	Observar e analizar o desenvolvemento cognitivo dunha persoa da terceira idade.	Programa de intervención no desenvolvemento cognitivo na terceira idade.

Os alumnos/as elaborarán un informe de cada práctica. Este informe será entregado unha semana despois de finalizar a práctica.

7. Bibliografía e materiais

7.1. Básica

- Palacios, J, Marchesi, A. e Coll, C. (comps.) (1999). *Desarrollo psicológico y educación: Vol. I. Psicología Evolutiva* (2ª ed.). Madrid: Alianza Editorial.
- García Madruga, J.A. e Pardo, P. (1997). *Psicología Evolutiva*, Vol. 2. Madrid: UNED.
- Santrock, J. (2006). *Psicología del desarrollo* (10 ed.). Madrid: McGraw-Hill.

7.2. Complementaria

- Berger, K.S. e Thompson, R.A. (1997). *Psicología del desarrollo: Infancia y Adolescencia*. Madrid: Editorial Médica Panamericana.
- Córdoba, A.I., Descals, A. y Gil, M. (Coord.). *Psicología del desarrollo en la edad escolar*. Madrid: Pirámide.
- Corral, A. Gutiérrez, F. e Herranz, P. (comp.) (1997). *Psicología Evolutiva*, Vol. 1. Madrid: UNED.
- Craig, G.J. (1997). *Desarrollo Psicológico* (7ª ed.). México: Prentice-Hall Hispanoamericana.
- Delval, J. (1994). *El desarrollo humano*. Madrid: Siglo XXI.
- García Madruga, J. A. (1991). *Desarrollo y conocimiento*. Madrid: Siglo XXI de España Editores.
- González, A.M., Fuentes, M.J., de la Morena, M.L. e Barajas, C. (1995). *Psicología del desarrollo: teoría y prácticas*. Málaga: Aljibe.
- Hoffman, L., Paris, S. e Hall, E. (1995). *Psicología del desarrollo hoy* (Vol. 1 y 2). Madrid: McGraw-Hill.
- Papalia, D. e Olds, S.W. (1997). *Desarrollo humano*. Bogotá: McGraw-Hill Interamericana.
- Pérez, M. (1995). *Nuevas perspectivas en psicología del desarrollo*. Madrid: Alianza.
- Rice, F.P. (1997). *Desarrollo Humano. Estudio del Ciclo Vital*. México: Prentice-Hall.
- Secadas, F. (1992). *Procesos evolutivos y escala observacional del desarrollo*. Madrid: TEA.

7.3. Outros recursos

- Materiais audiovisuais
- Artigos de revistas
- Transparencias e presentacións en PowerPoint
- Instrumentos para a análise da práctica educativa
- Programas de intervención
- Escalas do desenvolvemento
- Test de intelixencia

8. Avaliación dos procesos e resultados de aprendizaxe. Criterios de avaliación

Antes de iniciar o proceso de ensino/aprendizaxe levarase a cabo unha avaliación do nivel de coñecementos dos alumnos/as sobre a materia. Esta avaliación serviranos como referencia para coñecer a motivación e punto de partida para iniciar o proceso de aprendizaxe.

Durante o curso valorarase a asistencia do alumno/a ás clases, teóricas e prácticas, e a súa participación nas actividades propostas.

A avaliación final virá determinada por:

- a) Exame.
- b) Traballos realizados durante o curso.
- c) Asistencia e participación nas tarefas de aula.
- d) Informes das prácticas da materia.

(Os criterios específicos poden sufrir algunhas variacións atendendo a circunstancias non previstas)

8.1. Criterios xerais de avaliación:

- (1) Exame parte teórica.
- (2) Participación nas clases de teoría e realización das tarefas de aula propostas. Elaboración de traballos asignados durante o curso.
- (3) Informes das prácticas da materia.
- (4) Participación nas clases de prácticas e realización das tarefas de aula propostas. Elaboración de traballos asignados durante o curso.
- (5) Exame parte práctica.

8.2. Criterios específicos para distintos grupos de alumnos:

- (1) *Alumnos asistentes* a clases teóricas e prácticas.
- (2) *Alumnos non asistentes tipo A:* asistentes a clases teóricas e non asistentes a clases prácticas.
- (3) *Alumnos non asistentes tipo B:* non asistentes a clases teóricas e asistentes a clases prácticas.
- (4) *Alumnos non asistentes tipo C:* non asistentes a clases teóricas e non asistentes a clases prácticas.

Os alumnos/as non asistentes falarán co profesor de prácticas o principio de curso para establecer as pautas de seguemento vía e-mail ou telefónicamente e proporcionarlles o material entregado nas sesións prácticas.

Os alumnos que superaran as prácticas en cursos anteriores faran só unha parte dos traballos prácticos según acorde co profesor, polo que terá que porse en contacto co profesor de prácticas ao comezo do curso.

	ASISTENTES	NON ASISTENT. TIPO A	NON ASISTENT. TIPO B	NON ASISTENT. TIPO C
1. EXAME TEÓRICO	6	6	7	7
2. PARTICIPACIÓN EN CLASES TEÓRICAS	1	1	-	-
3. DOSSIER DE PRÁCTICAS	2	1	2	1
4. PARTICIPACIÓN EN CLASES PRÁCTICAS.	1	-	1	-
5. EXAME DE PRÁCTICAS	-	2	-	2
TOTAL	10	10	10	10

NOTA IMPORTANTE

Será preciso para unha avaliación positiva que os alumnos/as superen a parte práctica e a parte teórica. Se non se supera unha parte gardarase a nota da parte aprobada ata a convocatoria extraordinaria do mesmo ano. Nas convocatorias posteriores o alumno presentárase con toda a materia (parte práctica e parte teórica) independentemente se xa aprobara algúnha parte.

As cualificacións poderán consultarse no taboleiro de anuncios dos despachos dos profesores, que imparten a materia.

9. Avaliación do proceso docente

9.1. Valoración dos alumnos/as

O alumnado valorará o proceso de ensino-aprendizaxe ao finalizar cada bloque de contido respondendo a unhas cuestións elaboradas polos profesores/as. Ao finalizar o cuadrimestre avaliará a actividade docente a través do cuestionario utilizado pola Universidade de Vigo.

9.2. Valoración do profesorado

Teranse en conta as propostas feitas polo alumnado durante o curso. A autoavaliación do labor diario será cumprida cos resultados do cuestionario proposto aos alumnos/as ao finalizar cada bloque de contido e pola enquisa de avaliación docente realizada pola Universidade. Estes datos axudarannos a reflexionar sobre a práctica docente, modificar aspectos deficitarios e deseñar propostas de mellora para o próximo curso.